

Falece o historiador e teólogo Francisco Carballo

30/11/2014 01:08

Na información cultural salientamos o pasamento do teólogo e historiador Francisco Carballo

. Faleceu este sábado en Salamanca, onde permanecía ingresado nun hospital da orde relixiosa dos Padres Paúles á que pertencía. Tiña 89 anos. O Presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega, Cesáreo Sánchez, salientou que Carballo abrira camiños na investigación histórica de Galicia. E lembrou o seu traballo para que os galegos coñecésemos a nosa propia historia e nos liberásemos da que se lle impuxo ao país dende fóra. Algo que tamén salienta o BNG. Nunha nota, o Bloque láíase do pasamento de Carballo, a quen cualifica como un dos seus militantes máis veteranos e xenerosos. Francisco Carballo foi un dos fundadores do semanario A Nosa Terra en 1977 e un colaborador constante da publicación.